



# FESTIVAL INTERNACIONAL DE TITERES DE REDONDELA

do 24 ao 29 de maio de 2017

memorial Juanjo Amoedo

12

## PROGRAMACIÓN DE SALA

### MÉRCORES 25 maio

21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. +8 anos.  
"A maxia das Siluetas" ARSENIO MARTINS (Portugal-Francia)

### XOVES 26 maio

21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. Todos os públicos.  
"Cabaré de Fíos" THE FIFTH WHEEL (Rusia)

### VENRES 27 maio

17,00h. a 20,00 h. Rúa Meixón Frío.  
Obradoiro infantil de construción de títeres (Colabora Asociación Xoeira)

18,00h. A Tenda de Candelaria.  
Entrega de premios do concurso de títeres.

21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. Todos os públicos.  
"Guyi-Guyi" PERIFERIA (Murcia)

### SÁBADO 28 maio

17,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. Todos os públicos.  
"El Viaje de Martín" TITIRIGUIRI (Madrid)

21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. Adultos.  
"Don Juan. Memoria amarga de mí" PELMÁNEC (Cataluña)

23,30h. Café O Barco. Adultos.  
"Trigedias de Amor y Cuernos" (Bululú) ARBOLÉ TITERES (Aragón)

### DOMINGO 29 maio

17,00h. e 21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. +6 anos.  
"El Fantástico Viaje de Jonás el Espermatozoide" EL ESPEJO NEGRO (Andalucía)

Prezos: Nen@s 3 € - Adult@s 5 € - Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Sábado e Domingo ás 16,00h.) Aforo limitado.

Exposición fotográfica "Retrato dun titiriteiro" por PELU VIDAL do 24 de maio ao 8 de xuño no Multiusos da Xunqueira, Redondela.

## PROGRAMACIÓN DE RÚA

### SÁBADO 28 maio

- 12,00h. Xardíns da Alameda OS QUINTELAS (Galiza)
- 12,30h. Xardíns da Alameda "Anarkeli" PRAKASH BHATT COMPANY (India)
- 13,00h. Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)
- 13,30h. Soportais do Concello OS QUINTELAS (Galiza)
- 17,00h. Xardíns da Alameda OS QUINTELAS (Galiza)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)
- 17,30h. Praza Reveriano Soutullo "Carromato de Titeres" ARBOLÉ TITERES (Aragón)  
Xardíns da Alameda "Anarkeli" PRAKASH BHATT COMPANY (India)
- 18,00h. Pista da Xunqueira "Os Títeres. Espazo creativo" GALIOT (Cataluña) ata 21.00 h.  
Paseo da Xunqueira OS QUINTELAS (Galiza)  
Rúa Alfonso XII "Barreras" IÑAKI MATA (Euskadi)  
Xardíns da Alameda OS CROQUETAS (Galiza)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)
- 19,00h. Casa da Torre - Rúa Alfonso XII - Ribeira "Cavalls de Menorca" TUTATIS (Cataluña)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)
- 20,00h. Praza Reveriano Soutullo "Carromato de Títeres" ARBOLÉ TÍTERES (Aragón)  
Rúa Alfonso XII OS CROQUETAS (Galiza)
- 20,30h. Praza Casa da Torre "La Princesa y el Dragón" SOL Y TIERRA TITERES (Madrid)  
Xardíns da Alameda "Anarkeli" PRAKASH BHATT COMPANY (India)  
Alfonso XII OS QUINTELAS (Galiza)
- 21,00h. Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)  
Rúa Alfonso XII "Barreras" IÑAKI MATA (Euskadi)
- 22,00h. Paseo de Xunqueira OS CROQUETAS (Galiza)

### DOMINGO 29 maio

- 12,00h. Soportais do Concello C'É ORQUESTRA PANTASMA (Galiza)  
Pista da Xunqueira "Os Títeres. Espazo creativo" GALIOT (Cataluña) ata 14,00 h.  
Xardíns da Alameda "Anarkeli" PRAKASH BHATT COMPANY (India)
- 12,30h. Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)
- 13,00h. Xardíns da Alameda "Carromato de Títeres" ARBOLÉ TÍTERES (Aragón)
- 16,30h. Xardíns da Alameda C'É ORQUESTRA PANTASMA (Galiza)
- 17,00h. Rúa Alfonso XII "Barreras" IÑAKI MATA (Euskadi)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Xardíns da Alameda OS CROQUETAS (Galiza)  
Praza Reveriano Soutullo "Carromato de Títeres" ARBOLÉ TÍTERES (Aragón)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)
- 17,30h. Xardíns da Alameda "Anarkeli" PRAKASH BHATT COMPANY (India)  
Alfonso XII CHARANGA NBA (Galiza)  
Pista da Xunqueira "Os Títeres. Espazo creativo" GALIOT (Cataluña) ata 21,30h.
- 18,00h. Casa da Torre - Rúa Alfonso XII - Ribeira "Cavalls de Menorca" TUTATIS (Cataluña)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Xardíns da Alameda C'É ORQUESTRA PANTASMA (Galiza)
- 19,30h. Rúa Alfonso XII "Barreras" IÑAKI MATA (Euskadi)  
Praza Reveriano Soutullo "Carromato de Títeres" ARBOLÉ TÍTERES (Aragón)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Paseo da Xunqueira CHARANGA NBA (Galiza)  
Rúa Alfonso XII OS CROQUETAS (Galiza)
- 20,30h. Praza Casa da Torre "La Princesa y el Dragón" SOL Y TIERRA TÍTERES (Madrid)  
Xardíns da Alameda "Anarkeli" PRAKASH BHATT COMPANY (India)  
Soportais do Concello "Flexus" BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)  
Praza do Concello "Mr. Beauty and the Beast" ALTREGO (Alemaña)
- 21,00h. Xardíns da Alameda C'É ORQUESTRA PANTASMA (Galiza)  
Soportais do Concello OS CROQUETAS (Galiza)
- 22,00h. Paseo da Xunqueira CHARANGA NBA (Galiza)

## PROGRAMACIÓN ESCOLAR

### MARTES 24 maio

11,00 e 12,30h. Chapela "Cabaré de Fíos" THE FIFTH WHEEL (Rusia)

### MÉRCORES 25 maio

11,00 e 12,30h. Redondela "Cabaré de Fíos" THE FIFTH WHEEL (Rusia)

### XOVES 26 maio

12,30h. Redondela "El viaje de Martín" TITIRIGUIRI (Madrid)

### VENRES 27 maio

12,30h. Redondela "El viaje de Martín" TITIRIGUIRI (Madrid)



## THE FIFTH WHEEL (Rusia)

The Fifth Wheel é una compañía rusa fundada por graduados da Academia de Teatro de San Petersburgo e Siberia, que combinan a educación de monicreques clásica rusa coas influencias do estilo europeo.

Os seus espectáculos están centrados no xénero de "títeres de variedades", breves comedias ou números cunha técnica perfecta, que lles abriu as portas dunha intensa actividade internacional. Teñen participado en Festivais de medio mundo.

### "Cabaré de fíos" (marionetas de fíos)

Sen texto e co ritmo como base, esta obra propoñonos unha brillante mestura de teatro, música e humor, a través dos personaxes que se suceden nos diferentes números.

Un espectáculo que desfará calquera estereotipo sobre o teatro tradicional de marionetas de fío.

Día 24/5 ás 11,00 e 12,30h. Auditorio do Piñeiral do Crego, Chapela (escolares)

Día 25/5 ás 11,00 e 12,30h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (escolares)

Día 26/5 ás 21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (todos os públicos)



## TITIRIGUIRI (Madrid)

TitiriguiRI, Teatro de Títeres, naceu co firme propósito de trasladar aos máis pequenos a maxia dos monicreques, a maxia do teatro e o poder da imaxe, apostando por un teatro de calidade para a infancia.



### "El viaje de Martín" (varias técnicas)

Trátase dunha proposta innovadora onde títeres, teatro e debuxos animados dan a man nunha viaxe audiovisual, tendo como soporte un grande lenzo articulado no que interactúan constantemente os títeres, os debuxos e unha actriz titiriteira que é a encargada de dar vida desde dentro ao espectáculo, xunto co programador audiovisual que o fará desde

fóra. Todo isto conforma o universo de Martín na súa nova aventura. A viaxe de Martín é un percorrido de como un porco pode cambiar o seu destino.

Día 26 ás 12,30h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (escolares)

Día 27 ás 12,30 h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (escolares)

Día 28 ás 17,00 h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (todos os públicos)

## ARSENIO MARTINS (Portugal / Francia)

Arsenio Martins é pianista e compositor musical que leva percorrido medio mundo coa súa música. O éxito dos seus traballos radica no seu gusto por mesturar a alegría da música e a forza da imaxe, combinación poética que leva ao espectador a viaxar polo mundo das sensacións.

### "A maxia das Siluetas" (Música e imaxe)

Tanto nas orixes do teatro como do cine as imaxes acompañábanse da música en directo. Cando chegaron as novas tecnoloxías xa non era preciso que os músicos tocasen. Así, este espectáculo recobra aquela vella tradición de facer a banda sonora no momento e cos músicos no escenario.

A Maxia de Meliés é un universo moi singular onde a música leva da man as imaxes, ou ao revés.



Día 25/5 ás 21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (A partir de 8 anos)

## PERIFERIA (Murcia)

Periferia Teatro adícase desde o ano 1989 á investigación e ao coñecemento do Teatro de Títeres. As producións de Periferia Teatro contan cun guión literario propio, o que lles permite conxugar reflexión e diversión con novos argumentos extraídos da actualidade infantil cotiá.

Coidando sempre tanto a temática como a proposta escénica, perseguen a idea de converter o espectador en parte activa da representación.

### "Guyi-Guyi" (Manipulación directa)

Guyi Guyi é una adaptación libre do conto "O parrulo feo". Guyi Guyi fala da busca da identidade nesta sociedade tan globalizada.

Que pasa cando os demais te ven diferente?

E cando ti te ves diferente aos demais?

Guyi-Guyi é un crocodilo que non sabe que o é. Non é fero nin voraz. Non sabe comportarse como os outros. Guyi-Guyi terá que seguir o seu instinto e aprender como debe actuar para ser un "bo crocodilo"

Día 27/5 ás 21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela (Todos os públicos)

Premio ao mellor espectáculo de Títeres na Feira Internacional de Teatro para nenos e nenas FETEN 2010.

Premio DRAC D'OR ao mellor espectáculo para nenos e nenos e á mellor interpretación na "XXIª Fira de Titelles de Lleida" 2010.



## PELMANEC (Cataluña)

Cunha longa traxectoria nas súas costas, foi co-creador de espectáculos que deixaron unha fonda pegada na lembranza dos espectadores como Poemas Visuais da Cía Jordi Bertran ou O avaro de Tàbola Rassa, compañía da cal tamén é fundador. Miquel Gallardo, logo do seu paso por diversas producións de televisión, volta ao teatro cun novo proxecto creativo e un novo espectáculo: "Don Juan. Memoria amarga de mí", que estrea oficialmente en Segovia durante o Festival Titirimundi'09.

### "Don Juan. Memoria amarga de mí" (varias técnicas)

Don Juan é un personaxe que afunde as súas raíces nas lendas e romances populares.

Símbolo da irreverencia e da transgresión social e espiritual, a inspiración teatral dos dramaturgos Tirso de Molina, Molière e José Zorrilla, converteron este personaxe en mito.

A recreación deste mito en distintas épocas (contrarreforma, barroco, romanticismo, modernidade), culturas (España, Francia, Inglaterra, Alemaña), e xéneros (teatro, ópera, poesía, novela), fálanos de que Europa sénteo coma un heroe propio.

En palabras de María Zambrano: "a historia de Don Juan remítenos á historia da soidade e da liberdade do home moderno: unha intrincada historia que agarda aínda ser contada na súa magnitude e complexidade".

Día 28 ás 21,00h. Auditorio da Xunqueira (Adultos)



## EL ESPEJO NEGRO (Andalucía)

Angel Calvente é completamente autodidacta e cun selo absolutamente orixinal crea a Compañía teatral El Espejo Negro (1989).

Cunha linguaxe propia e cunha técnica de manipulación e construción de marionetas moi depurada, irrompe no mercado teatral revolucionando o mundo dos títeres, que ata ese momento estaba enfocado a un público infantil.

Pioneiro na montaxe de espectáculos teatrais de marionetas para adultos, rompe con todos os moldes preestablecidos ata o momento coa súa obra.

### "El fantástico viaje de Jonás el espermatozoide" (varias técnicas)

Esta é a historia de Jonás, un diminuto e pequeno espermatozoide que se negaba a concursar na grande carreira da fecundación. Prefería durmir e vaguear placidamente no interior do testículo onde vivía. Pero o tempo acabábase, e o noso vago e durmiñón espermatozoide tiña que emprender a viaxe máis fantástica e alucinante de toda a súa vida. Unha viaxe sen retorno, chea de perigos e aventuras na busca do óvulo perdido...

Día 29 ás 17.00 e 21,00h. Auditorio da Xunqueira, Redondela. +6 anos.



## ARBOLÉ TÍTERES (Aragón)

Teatro Arbolé naceu en Zaragoza en 1979 como unha pequena compañía de títeres. Hoxe, tres décadas despois, temos afianzado un proxecto que non só xera cultura e ilusión, senón tamén postos de traballo, e que leva transcendido no maravilloso mundo dos títeres para consolidarse como unha empresa produtora, programadora, exhibidora, formadora e editora.

Cos seus espectáculos, Arbolé sempre busca divertir, encantar, facer que o teatro sexa algo fabuloso para todos os públicos e perdure na lembranza.

### "Tragedias de Amor y cuernos" (Bululú)

Recole a mellor tradición do bululú galego, con dous textos inmortais na tradición titiritera: "Los cuernos de Don Friolera", de Valle Inclán, e "El retablillo de Don Cristóbal", de Federico García Lorca.

O cego que fai do seu corpo e a súa capa retablo e se apoia nos monecos para recuperar a esencia do Teatro, o teatro en bruto, a catarse da "cachiporra".



Día 28/5 ás 23,30h. Café O Barco (adultos)



### "Carronato de Títeres" (Marionetas de luva)

A través de Federico García Lorca chegou ata nós a vella tradición do "teatro de cachiporra". Don Cristóbal en España, Puch en Inglaterra, Guiñol en Francia, Don Roberto en Portugal, Polichinela en Italia, non son senón distintas facianas dun mesmo personaxe, que en cada lugar tomou as peculiaridades locais, pero cun innegable tronco común.

Lamentablemente no noso país perdeu esa tradición entre o esquecemento dos duros anos da posguerra e a utilización maniquea e interesada da "cachiporra". O xénero foise degradando ata a súa práctica desaparición. Recentemente distintos titiriteiros están a rescatar este clásico teatro de participación do seu inxusto esquecemento, tratando de devolverlle o seu verdadeiro sentido e a súa xusta dimensión.

Día 28/5 ás 17,30 e 20,00h. Praza Reveriano Soutullo.

Día 29/5 ás 13,00h. Xardíns da Alameda e ás 17,00 e 19,30h. Praza Reveriano Soutullo.



## PRAKASH BHATT (India)

Kathputli significa literalmente en hindú «marionetas bailando». Son títeres de fío, unha arte milenaria na zona do Rajasthán na India.

Prakash Bhatt, mestre titiriteiro do Rajasthán, pertence a esta famosa caste de artistas que transmiten a arte das marionetas de xeración en xeración.



### "Anarkeli" (Marionetas de fíos)

Un espectáculo da India tradicional e popular con diversos títeres: bailarín, malabarista, Krishna, mago, Maharadjah, a serpe, o encantador,... bailando todos eles entre os coloridos ritmos da música típica do Rajasthan. O público, adultos e nenos, estarán baixo o meigallo desta arte ancestral.

Día 28 ás 12,30/17,30/20,30h. Xardíns da Alameda.

Día 29 ás 12,00/17,30/20,30h. Xardíns da Alameda.

## ALTREGO (Alemaña)

Teatro Altrego fundouse en 1995 por Viktor Kucera e Dirk Volkman. Dende entón, as súas obras, xeralmente pezas breves e da súa propia autoría, fálannos sobre as alegrías e tristuras da vida. Todas as pezas son sen palabras, acompañadas dunha música clásica ben escollida.

Milleiros de nenos xa puideron gozar de Altrego en toda Europa. De calquera xeito, este Festival de Títeres de Redondela será a súa estrea no noso país.

### "Mr. Beauty and beast" (manipulación directa)

Unha illa deserta e dous superviventes. Esta é unha historia sobre a beleza dunha fera .... e sempre e cando entendemos que a beleza pode ser caprichosa e misteriosa. Un espectáculo cheo de fragilidades e encanto.



Día 28 ás 13,00/17,00/18,00/19,00 e 21,00h. Praza do Concello.

Día 29 ás 12,30/17,00/19,30 e 20,30h. Praza do Concello.

## BIRLOQUE & LA TAL (Cantabria)

A Companyia d'Espectacles LA TAL inicia o seu traballo profesional no ano 1986.

A súa concepción teatral, a súa percepción visual e a súa técnica interpretativa foron evolucionando dende a figura clásica do pallaso circense ata a creación dun universo propio no que os personaxes, a estética e as propostas se sitúan decididamente nun tipo de teatro cheo de humor e totalmente actual.

As imaxes e as historias, co soporte puntual da palabra, confiren aos seus espectáculos o equilibrio ideal para a implicación necesaria do público, tanto adulto coma infantil.

No ano 2003 BIRLOQUE PRODUCCIÓNS, coa complicidade de La Tal, con quen comparten unha ampla traxectoria profesional e persoal, deciden volver revivir este espectáculo.

### "Flexus" (teatro de rúa)

Teatro visual itinerante. Dúas orixinais criaturas animadas chamadas Flexus sorprenden aos viandantes cos seus divertidos xogos visuais.

Flexus é un espectáculo concibido para o público familiar. Trátase de interactuar co público e chamar a súa atención nun espectáculo visual que non ten un guión preconcebido. Todo o mundo se pregunta, quen controla estas criaturas? Hai unha persoa dentro? Móvense por control remoto?

Non cho podemos contar, vén velos!

Día 28 ás 17,00/18,00/19,00 e 21,00h. Soportais da Casa do Concello.

Día 29 ás 17,00/18,00/19,30 e 20,30h. Soportais da Casa do Concello.



## IÑAKI MATA ( País Vasco)

IÑAKI MATA é un actor vasco que inicia a súa carreira teatral no ano 1987 formando parte da fundación e dirección da compañía de teatro de monicreques TAUN TAUN. Dende os seus comezos ata hoxe participa en todas as producións teatrais que esta compañía realiza. Na actualidade, os traballos que desenvolve neste grupo céntranse nos campos da construción e a interpretación.

### "Barreras" (Teatro de Rúa)

BARRERAS é un traballo de rúa que utiliza unha cadeira de rodas para afrontar "a distancia". A cadeira é simplemente unha metáfora, unha escusa, un obxecto a través do cal a súa poesía convida a nos mirar e contemplar, utilizando o xesto, o son ou simplemente a palabra, algo que normalmente está vetado.

Día 28 ás 18,00 e 21,00h. Rúa Alfonso XII.

Día 29 ás 17,00 e 19,30h. Rúa Alfonso XII.



## TUTATIS (Cataluña)

Tutatis Producciones Teatrales, S.L. é unha empresa con 26 anos de experiencia no ámbito das artes escénicas, dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais, animacións de rúa e concertos.

Especialmente centrada na produción e distribución de teatro familiar e animacións, os seus espectáculos adquiriron prestixio e recoñecemento no territorio español, converténdose en pioneiros e difusores de novas iniciativas con compañías de renome como Flic Flac Teatro.

### "Cavalls de Menorca" (manipulación directa / teatro de rúa)

Unha visión persoal dunha celebración menorquina que recrea a animalidade primitiva do cabalo e recupera o peso da tradición nunha representación contemporánea. Un espectáculo de rúa único e orixinal que non deixará indiferente a ninguén. É un espectáculo que pretende iniciar unha liña continuada de animacións de rúa baseadas na recreación de festas tradicionais, que se recuperan dende unha vertente lúdica e artística. A proposta é dar unha visión persoal da celebración, que non pretende recrear o acontecemento, senón reinterpretalo, para manter a esencia do mesmo e convertelo nunha proposta escénica.

Día 28 ás 19,00h. Praza da Torre - Rúa Alfonso XII - Ribeira.

Día 29 ás 18,00h. Praza da Torre - Rúa Alfonso XII - Ribeira.



## SOL Y TIERRA (Madrid)

---

A compañía de monicreques Sol y Tierra produce obras de teatro para público infantil.

Foi fundada en Madrid en 1982 por María José de la Rosa e Víctor Torre. Dende entón realizou máis de 5.000 representacións e actuaron nuns 100 festivais de teatro, tanto no Estado español coma noutros 15 países. Produciu 20 obras de teatro para público infantil (algunhas delas en colaboración coa Comunidade de Madrid) e tres curtametraxes.

En todas as obras traballan valores coma o medio ambiente, a coeducación, interculturalidade, educación para a paz, etc.

### "La Princesa y El Dragon" (Muppets)

O Dragón Artimañas ameaza con destruír o País de Tranquilía se non lle entregan á Princesa Valentina. Ela decide ir "cantarlle as corenta", pero o seu pai, o Rei Kalmodio, impídello. Rimas, o xardineiro namorado da princesa Valentina, ofrécese voluntario para tranquilizar o insolente Dragón, empuñando como única arma a súa arpa e os seus poemas.

Artimañas, que non soporta a súa música, faino prisioneiro, ameazando con comelo e pisar todo o país se non lle levan á Princesa. Finalmente será Valentina, coa axuda do público, quen resolva a situación.

Día 28 ás 20,30h. na Casa da Torre.

Día 29 ás 20,30h. na Casa da Torre.



## GALIOT (Cataluña)

Galiot Teatre, leva 20 anos dedicados ao mundo do teatro. Dende o ano 94 especialízanse no teatro de monicreques, especialmente para público familiar. Os seus espectáculos viaxaron e participaron nos principais eventos culturais do noso país. Máis de 30 festivais de monicreques e moitos lugares e feiras acolleron esta importante compañía de Teatro de Títeres.

### "Os Títeres. Espazo Creativo" (Espazo lúdico)

Nace un espazo lúdico adicado ao mundo do teatro de monicreques. É unha grande instalación formada por diferentes teatrinhos e técnicas de manipulación, pensado principalmente para os nenos e nenas, aínda que todo o mundo pode gozalo.

Neste espazo, montado de forma circular, hai un cento de monicreques repartidos en 15 instalacións de diferentes técnicas de manipulación, construídos en madeira e de forma artesanal no taller, convertendo os rapaces nos titiriteiros que manipulan estes bonecos.

Día 28 de 18,00 a 21,00h. Pista da Xunqueira.

Día 29 de 12,00 h a 14,00 h e de 17,30 a 21,30h. Pista da Xunqueira.



## OS QUINTELAS (Galiza)

Os Quintelas é una formación musical que data a súa fundación alá polo 1954, tendo a día de hoxe a dous membros fundadores. Continúan levando o nome desta parroquia redondelá por Galicia adiante. Coa súa volta á actividade en 2005, a murga redondelá está levando o seu repertorio de "música variada, galega, moderna e bailable" a unha morea de festas.



## OS CROQUETAS (Galiza)

Cando os cocíñeiros da música se poñen ás veces nacen cousiñas moi ben preparadas. Aquí están Os Croquetas para ir matando a fame de bailar e pasalo a rachar. Tendo sempre unha posta en escena particular e cuns instrumentos orixinais, estes artistas de Redondela fanse notar alí onde van.




## CHARANGA NBA (Galiza)

Esta formación, considerada unha das mellores charangas de Galicia, naceu da idea dun grupo de amigos afeccionados á música da comarca coruñesa: Betanzos, Oleiros, Cambre... Non hai ritmo que se lles resista e o seu repertorio vai dende o merengue, a salsa, o mambo, as rancheiras ata temas de actualidade.



## CÉ ORQUESTRA PANTASMA (Galiza)

En Redondela non hai Festival sen monecos e tampouco pode habelo sen que a Orquesta Pantasma apareza como unha Santa Compañía alegre e chea de boas sensacións. Un Home Orquesta dos que xa non se ven, que tanto xoga cos rapaces como toca unha chea de instrumentos á vez, para asombrar o seu público con cancións tradicionais, rock and roll ou "caña" verbeneira.



## RETRATO DUN TITIRITEIRO

A exposición RETRATO DUN TITIRITEIRO consta dunha serie de fotografías arredor do mundo do títere tomando como exemplo os retratos clásicos de mediados do século pasado onde os retratados posaban polo xeral de forma estática, coma detendo o tempo. As imaxes pretenden crear un contraste coa idea preconcebida dos titiriteros como persoas divertidas e simpáticas. Todas as imaxes foron tomadas nas edicións anteriores aos artistas que participaron no Festival Internacional de Títeres de Redondela.

### Pelu Vidal

Pelu Vidal é fotógrafo freelance cunha longa traxectoria no mundo da fotografía documental e de autor. Para a creación das súas reportaxes viaxou e viviu en infinidade de países: Arxentina, Brasil, Bolivia, Perú, Sahara Occidental, Palestina, Croacia, Lituania, Estonia, Inglaterra, Hungría, e un longo etc.. Adícase de forma profesional á fotografía dende hai máis de 10 anos e as súas reportaxes foron publicadas tanto en medios de comunicación nacionais como internacionais.

É colaborador habitual do festival desde os seus comezos. [www.peluidal.net](http://www.peluidal.net)

do 24 de maio ao 8 de xuño no Multiusos da Xunqueira, Redondela.



## TÍTERES POLA GORRA

É a sección do Festival que abre as portas a diversas compañías que, sen estaren na programación oficial, non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo, no marco incomparable que é este Festival Internacional de Títeres.

Son agrupacións que recuperan a tradición do fantocheiro itinerante que vai de vila en vila traballando pola gorra.

Invitámosvos a participar e gozar desta tradición, descubrindo estas compañías e os seus chapeus polas prazas da vila.